

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 10/04/2023
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO
TANIA GARCÍA SANMARTÍN
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
ARGIMIRO SERÉN MERA
DIEGO GARCIA SANTIAGO
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 10/04/2023 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 03-abr-2023, que se aprobou por unanimidade.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

MONSERRAT CORES VAZQUEZ

RÉXIME INTERIOR

PRP2023/1280

Dáse conta do escrito presentado por Asociación Protectora de Animales de Vilagarcía, solicitando autorización para realizar un mercadillo benéfico, na Praza da Peixería os días 4, 5, 6, 7 e 8 de maio de 2023, durante todo o día, e cesión de 40 mesas, 10 cadeiras e megafonía, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.

Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade, que poida cubrir calquera dano derivado da mesma cunha cobertura mínima de 300.000€.

Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.

Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Deberán contar cun plan de autoprotección que identifique os riscos e describa os protocolos a

seguir en cada caso, debendo respectar o aforo do local para a actividade que realice e responsabilizarse que non sexa superado. Así mesmo deberá manter libres portas de emerxencia e en caso de necesidade poderá contar co apoio da Policía Local, Emerxencias Municipais ou Emerxencias da Xunta, solicitando auxilio.

Dar conta ao Departamento de Cultura en relación coa dispoñibilidade das instalacións.

PRP2023/1203

Dáse conta do escrito presentado por Dona Lucia Maria Dieguez Couso, en representación de ANPA San Francisco, solicitando autorización para ocupación de vía pública os días 14 e 21 de abril pola tarde (en horario de 17:00 a 19:30 horas) e os días 15 e 22 de abril pola mañán (en horario de 10:00 a 13:00 horas), na Praza de Galicia para a realización dun mercado de libros, así como a cesión dunha carpa e unha mesa.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2023/1333

Dáse conta de escrito remitido pñor ADIF en relación coa próxima finalización da vixencia do contrato de arrendamento nº 328-2017-0181, o vindeiro 30 de abril de 2023, correspondente a Local E.V. Avd. Rosalía de Castro s/n, portal 1, escaleira 1, praia ADIF (Museo do Ferrocarril).

A Xunta de Goberno local acorda a continuidade do arrendamento para o mesmo uso, mediante a formalización dun novo contrato, nas condicións que sinala no escrito de data 30-03-2023 e Refª PT/0466/03/23, por un período de cinco anos, cos seguintes tramos de renda, con cargo á partida 432.202.:

- Do 01/05/2023 ao 30/04/2025: 2.170,00 € + IVE (Período de pago anual)
- Do 01/05/2025 ao 30/04/2027: 2.268,00 € + IVE (Período de pago anual)

PRP2023/1334

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a reparación de saneamento e pluviais na Avda. da Mariña, por filtracións de augas pluviais e fecais nos garaxes e foxos dos elevadores debido a rotura das tubaxes, sendo necesario o subministro de tubaxes, cemento, baldosas, formigón e mortero para a realización das reparacións necesarias, coa seguinte desagregación, de conformidade cos orzamentos aportados, con cargo á partida 160.210:

- Intermaco SL por un importe total de 12.219,69 € (IVE incluído)

- Áridos del Umia SAU, por un importe total de 2.739,59 € (IVE ncluído).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1335

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a Del Carmen Barrena Berride en relación con problemas de tráfico nas inmediacións do CEIP Plurilingüe de Carril.

Dáse conta de informe da Policía Local en relación co citado escrito no que se expón:

1º.- A axente que se atopaba de servizo o pasado día 09/03/2023 no Colexio Plurilingüe Rosalía de Castro de Carril, era a axente con número de identificación profesional 297083.

2º.- En relación coa habilitación dunha zona de estacionamento en dita zona, infórmase que a sinalización actual foi efectuada conforme coas partes interesadas, debendo motivarse os cambios que se consideren adecuados.

3º.- O Xefe de Policía Local dispón dunha axenda para concretar citas para reunirse con él para cuestións relacionadas cos servizos. Para marcar a data dunha cita deberá poñerse en contacto coa Policía Local, ben presencialmente nas súas dependencias ou no teléfono 986.501582.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora. e acorda comunicar o indicado no informe da Policía Local á Sra. Barrena Berride.

PRP2023/1336

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e o Colexio de Rexistradores da Propiedade e Mercantiles de España, para a consulta da titularidade real de sociedades mercantiles a través do Rexistro Mercantil.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2023/1337

Dáse conta de escrito do Instituto Galego de Estatística comunicando a realización da operación estatística "Enquisa estrutural a fogares", realizando a enquisa neste concello entre o 17 de abril e o 11 de xuño por persoal enquisador debidamente acreditado para cubrir un cuestionario estatístico.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1338

Dáse conta da proposta de convenio a asinar entre Dona Carmen Lago Navia e o Concello de Vilagarcía de Arusa para a cesión dunha superficie de 24 m² de parcela situada na Rúa Banda do Río-Cea nº 20 (Ref. catastral 166670NH2116N0001IS), coa finalidade de proceder a dar cumprimento ás previsións do PXOM coa ampliación e mellora do vial existente en Rúa Banda do Río-Cea que da fronte á citada parcela.

O Concello de Vilagarcía comprométese á delimitación da parcela resultante tras a cesión gratuíta efectuada mediante o convenio. A delimitación realizarase de acordo coa normativa urbanística de aplicación, tendo en conta a cualificación do solo, coas seguintes consideracións:

- Como o camiño existente está mais alto que a parcela, se realizará un muro de contención de cachote de pedra ata a rasante do camiño, delimitando desta maneira a parcela do camiño.

- Acondicionamento da superficie aceptada polo Concello mediante o citado convenio para incorporar ao camiño municipal.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a sinatura do citado convenio e a aceptación da cesión de 24 m², así como os compromisos que figuran no mesmo.
Dar conta ao Negociado de Patrimonio (Narciso Boullosa Tüñez).

BENESTAR SOCIAL

EMPREGO

PRP2023/1311

Dase conta que trala adhesión do Concello de Vilagarcía ao Plan de Reforma e Ampliación da Rede de aulas CEMIT a Agencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) procedeuse a entrega do seguinte material disruptivo a aula CEMIT de Vilagarcía na data do 30 de marzo de 2023, quedando baixo custodia no Centro de Formación Matosinhos:

- 2 Impresora 3d e Kit de consumibles (una para a aula CEMIT de maneira permanente e outra provisional)
- 6 Kit de robótica, composto por robots educativos e kits de construción.
- 5 Drons.
- 2 Gafas de realidade virtual e controladores.
- 1 Kit de placas de comunicación e programación, composto por placas tipo Arduino.
- 1 Raspberry Pi 4 Model Qual-core 64 bits.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

XUVENTUDE

PRP2023/1259

Vista a proposta da Concellería de Xuventude , a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar as bases para a realización do Campamento Urbano de Verán 2023 a levar a cabo durante o mes de xullo e ata o 11 de agosto de 2023 nun Centro Educativo de Vilagarcía, en horario de 8:00 a 15:00 h (de 8:00 a 9:00 o Plan Madruga), dirixido a 70 nenos e nenas nados entre o 1 de xaneiro de 2006 e o 31 de decembro de 2019, por un importe estimativo de monitoraxe do Servizo Básico de Campamento Urbano de 23.128,69 € (IVE incluído) e o prezo estimativo de limpeza das instalacións de 2.500 € (IVE incluído). (partida orzamentaria 2314.22610).

Segundo: O importe prezo estimado por participante polo tempo completo é de 366,12 €.

- Un mes: 244,08 €.
- Unha quincena: 122,04 €

Terceiro: Aprobar os seguintes prezos públicos por participante:

- 135 € (o total do período: do 3 de xullo ao 11 de agosto)
- 80 €/mes
- 45 €/quincena

As cotas do servizo terán unha redución baseada na renda per cápita familiar mensual referida ao IPREM vixente, seguinte:

R.PC. familiar, en base ao IPREM	Aportación Usuario/a	Aportación Concello
Inferior ao 80%	0	100%
Entre o 80% e o 100%	50%	50%
Superior ao 100%	100%	0

Descontos: Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte de aplicar o disposto no punto anterior, aplicaranse os descontos que figuran no Artigo 15 das bases.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2023/1284

Vista a proposta do Servizo Municipal de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa Visual Graphics Imagen y Publicidad SL para o subministro de 30 paneis informativos para a reposición dos existentes nos parques infantis do Concello, por un importe total de 1.082,04 € (IVE incluído), con cargo á partida 171.22615.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1285

Dáse conta da chegada ao Departamento de Medio Ambiente dunha comunicación de Augas de Galicia no que achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican as seguintes recomendacións:

- Recoméndase reparar e por en servizo o rotor nº5, e instalar o acelerador de fluxo nº5, ambos do reactor biolóxico nº2
- Recoméndase non descoidar os labores de mantemento do equipo de desinfección ultravioleta (incremento de limpeza manuais, maior axilidade na substitución das lámpadas fundidas, etc.), xa que se continúan observando rendementos de desinfección baixos a pesar da intervención realizada en decembro. Tamén se recomenda resolver o problema de funcionamento de pantalla táctil do equipo UV posto que se observaron nas últimas visitas técnicas problemas de bloqueo desta que impiden acceder, por momentos, aos parámetros de funcionamento e control do equipo.
- Recórdase que segundo o DECRETO 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia a competencia da xestión e mantemento da rede de saneamento, dos permisos de vertedura, do control de verteduras á rede de saneamento e a responsabilidade de garantir o seu cumprimento é competencia da entidade local xestora do sistema, neste caso o Concello de Vilagarcía de Arousa. Polo tanto é responsabilidade do concello localizar e reparar os puntos de infiltracións de augas brancas e mariñas na rede de saneamento, esixir aos/ás usuarias/os non domésticos que dispoñan de permiso de vertedura e verificar o seu cumprimento, así como dispor dun censo das/os usuarias/os con permiso de vertedura e remitir a Augas de Galicia a información relativa aos permisos de vertedura indicados.

Indicar que dentro dos traballos desta asistencia técnica se realizaron varias visitas de inspección á rede de saneamento para coñecer os puntos nos que se están a producir estas infiltracións, e o

05/01/2022 esta asistencia técnica entregou un informe de inspección da rede de saneamento de Vilagarcía de Arousa identificando os puntos onde se producen infiltracións de auga mariña, e as medidas correctoras recomendadas para atallalas.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a comunicación de Augas de Galicia á Empresa Concesionaria Espina & Delfín, aos efectos oportunos.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2023/1290

A Deputación de Pontevedra concedeu a subvención solicitada dentro do PROGRAMA DE ACCIÓN MUNICIPAL- Plan de Concellos, liña 2, por importe total de 7.995€ , para a realización dun Curso de Actividades Auxiliares de Almacén para mulleres vulnerables.

Vista a proposta da Area de Igualdade-CIM, Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa ASESORAMIENTO Y DESARROLLO DE SOLUCIONES EMPRESARIALES, S.L., para a impartición do obradoiro, no que se impartiran 210 horas presenciais ,170 teóricas e 40 prácticas, a partires da metade do vindeiro mes de abril e ata finalización a razón de 4,00h diarias, por un implorte total de 6.995,00 € (formación exenta de IVE), con cargo á partida 2312.22610.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1292

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, de 10 de marzo de 2023, polo que se concede unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa, no marco da liña 2 do Plan Concellos, con destino ao financiamento da actuación "Gasto Corrente para a realización de actividades Culturais, Sociais e Deportivas" por importe de 120.362,00 € (Expte. 2023005920), cun orzamento por importe de 146.035,50 €, entre as que figuran a concesión de subvencións á Área de Igualdade-CIM, por importe de 10.500 € para a realización do programa cun custe total de 12.995 €, sendo a aportación municipal de 2.495,00 €, para as seguintes actividades:

- Curso de formación para o emprego de "Actividades auxiliares de Almacén dirixido a mulleres en situación de vulnerabilidade: 7.995,00 €
- Semana de actividades en torno ao papel e a presenza das mulleres na creación cultural: 5.000 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1293

Con motivo da celebración do 8 de marzo, Día da Muller, a Área de Igualdade - CIM levou a cabo a presentación do Libro Feminismo de proximidade de Lola Varela.

Dende a área de Igualdade visto o contido do libro e o seu interese propónse a compra de 15 exemplares para distribuir na biblioteca municipal e nas axencias de lectura.

Asemade, ao igual que noutros anos propoñen valorar a participación na maratón fotográfica dos nenos e nenas, que non tiveron premio, cuns libros relacionados tanto coa fotografía como coas mulleres.

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os

seguintes orzamentos presentados por Espazo do Lector SL, G36164820, con cargo á partida 2312.22601:

- 15 Exemplares do libro "Feminismo de Proximidade" de Lola Varela, por importe de 202,50 €
- 4 Exemplares do libro "Taller de Fotografía Fantástica" de Jan Von Holleben, por importe de 46,44 €
- 4 Exemplares do libro "Iguana Lady-La vida de Graciela Iturbide, de Isabel Quintero, por importe de 68,40 €

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2023/1324

A Secretaria Xeral de Igualdade ten convocadas para o presente exercicio 2023, axudas para o fomento da contratación de mulleres que sufren violencia de xénero inscritas no servizo público de emprego como demandantes, ou como mellora de emprego.

A poboación de Vilagarcía a sítua entre as entidades que poden solicitar subvención ata un máximo de 4 contratacións.

Vista a proposta da Área de Igualdade-CIM, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención para a contratación de catro mulleres en situación de violencia de xénero, polo período de 12 meses, coa categoría profesional correspondente ao Grupo V e con destino nos servizos de conxerxería e xardíns preferentemente, polas seguintes cuantías:

- Subvención solicitada:: 83.643,84€
- Aportación municipal: 1.728,00€ (partida 241.131).

CULTURA

PRP2023/1302

Vistoos xustificantes presentados pola Entidade Revenidas S.C., a efectos da xustificación do convenio para a celebración do Festival Revenidas 2022, por importe de 35.000,00€.

Visto que o expediente consta a conformidade técnica.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga derivado do convenio para a concesión dunha subvención á entidade Revenidas S.C. por importe de 35.000,00€ con cargo á partida 334-479.

PRP2023/1313

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra de data 10 de marzo de 2023 de concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras Concellos 2023 correspondente á Liña 2: amortización de débedas con Entidades Financeiras, figurando no mesmo unha subvención ao Concello de Vilagarcía de Arousa por un importe de 34.000,00 € para "Combate Naval 2023", sendo o orzamento total de 45.096,70€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1314

Vista a solicitude de D. Manuel Rodríguez Fontán, en representación de ENGLISH 4 PEOPLE SL e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 25 de marzo e o 22 de abril de 2023, en horario de 11:30 a 13:30 horas para a realización de dúas pequenas representacións teatrais interactivas en inglés, debendo

asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala de Conferencias do Auditorio: 4 horas a 15,25 €/hora = 61,00€.

Dar conta ao Departamento de Rendos.

PRP2023/1339

Dáse conta do Convenio Regulador de concesión directa de subvención en especie para obras de reparación sinxela e mantemento a favor do Circulo Artístico e Deportivo Sixto

Ditas obras consisten na mellora e o adecentamento do interior das instalacións da sede do Gato Negro, ubicada na Avda Rosalía de Castro nº208, cunhas obras de reparación sinxela e de mantemento, pintado, cambio de plaquetas, repasado de grietas e unha soleira con gres para evitar filtracións de auga no almacén. Estas obras de reparación mellorarán as condicións nas que se levan a cabo as actividades, permitindo o seu correcto funcionamento.

O Concello de Vilagarcía comprométese a colaborar cunha achega de 12.148,00€ con cargo á partida 334-48201, do orzamento municipal para o exercicio 2023, para levar a cabo as obras descritas na sede do Centro Cultural e Deportivo Sixto, e que serán executadas pola empresa Construcións Baulo Oubiña C.B.

CONTRATACIÓN

PRP2023/1070

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Fondos Europeos, para adxudicar o "Subministro e colocación de 3 bancos de polietileno para a rúa Freixo en Vilaxoán":

Recentemente realizáronse obras na Rúa Freixo en Vilaxoán de MELLORA DE SERVIZOS E URBANIZACIÓN NA RÚA FREIXO EN VILAXOAN. Coa finalidade de que os cidadáns poidan descansar nos seus percorridos pola citada rúa, considerouse necesaria a adquisición de 3 bancos de Polietileno para instalar, en distintas ubicacións da rúa, xa que, actualmente non hai bancos na mesma.

O obxecto do contrato non se está a fraccionar para evitar as normas de publicidade contempladas na Lei de Contratos do Sector Público, xa que unicamente se precisan 3 bancos para a dita rúa, que sen que sexa necesario, actualmente, a adquisición de bancos para outros lugares.

A vista do anterior, solicitouse á empresa TARRIO Y SUAREZ, SL (NIF: B15090061), un presuposto de 3 bancos en polietileno que ascende á cantidade de 1.718,78 € (sen IVE e 2.079,73 € (IVE incluído).

O prazo de execución deste contrato menor de subministro será de 1 mes.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO e COLOCACIÓN DE 3 BANCOS PARA A RÚA FREIXO EN VILAXOAN” á empresa TARRIO Y SUAREZ, SL (NIF: B15090061), por importe de 1.718,78 €, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 360,94 € o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 2.079,73 €, de acordo coa oferta que se achega e con cargo á partida 1530-62500.

PRP2023/1262

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo, Mobilidade e Xestión de Fondos Europeos para adxudicar o contrato menor de obras de construción dunha xardineira de Pedra na Rúa Vázquez Leis en Vilaxoán:

No ano 2019 acometeuse unha importante obra de humanización na rúa Vázquez Leis en Vilaxoán, na que se substituíu o pavimento existente eliminando as diferentes rasantes entre a zona de circulación de vehículos e peonil, elimináronse barreiras, planeándose o uso para o pavimento de formigón branco cepillado e na zona peonil optouse por embaldosado de pedra.

Aproveitáronse as obras de humanización para á substitución de tubaxes de canalizacións de fecais e pluviais, substituíuse o alumeadado existente por un máis eficiente de LED e construíuse un espazo reservado a colectores de lixo, de forma que non interrompan o paso de vehículos nin peóns; para finalmente eliminar os tendidos das fachadas soterrándoos.

Actualmente faise necesario a construción dunha xardineira de grandes dimensións que permita a plantación dunha variedade de plantas e arbustos. Proxéctase unha xardineira de pedra de dimensións 3,60x0,55x0,50 m., para o que se fai necesario realizar unha cimentación con formigón lixeiramente armado, para posteriormente colocar as pezas de pedra.

Considérase un prazo de execución de 1 mes para a completa realización dos traballos.

Solicitado oferta a empresa Montajes J.M. Iglesias, S.L., esta presenta un orzamento de 2.700,00€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 567,00€, o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 3.267,00€.

Na presente proposta dáse cumprimento ao establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014:

- a) Xustifícase a necesidade dos traballos que se adxudican
- b) Non se altera o obxecto do contrato co fin de evitar a aplicación dos umbrais contemplados no artigo 118.1 da Lei 9/2017.

Tendo isto en conta, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Adxudicar o contrato de obras de “Construción de xardineira de pedra na rúa Vázquez Leis en Vilaxoán” á mercantil Montajes J.M. Iglesias, S.L. (B36130649), por importe de 2.700,00€, ao que lle corresponde un IVE (21%) de 567,00€, o que totaliza unha oferta (IVE engadido) de 3.267,00€, con cargo á partida orzamentaria 1530 62500.

2.- Nomear ao arquitecto municipal, don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, como director de obra, do investimento de referencia.

PRP2023/1283

Dáse conta da Resolución Provisional do Secretario Xeral da Federación Española de Municipios

e Provincias (FEMP), pola que se resolve a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de accións destinadas á promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables convocadas pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) no marco do plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Xunta de Goberno Local queda sabedora de que a petición formulada polo Concello para a obra de Humanización da Rúa Aduana (Carril) non foi aceptada.

PRP2023/1315

Dáse conta da aprobación da addenda ao convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a reforma de Local na rúa Castelao 7, para biblioteca municipal, no marco do programa Reacon, no relativo á vixencia. Establecendo un prazo máximo de execución das actuacións ata o 31 de decembro de 2023.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2023/1331

De conformidade coa Liña de Actuación VLG_A19_PATRIHIS de “Recuperación do Patrimonio” da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación á Redacción do Proxecto básico e de execución para a recuperación do acceso a Castro de Aobre a través do Parque Botánico Enrique Valdés Bermejo , detéctase a seguinte NECESIDADE:

O Parque Botánico de Enrique Valdés Bermejo é un dos de maior riqueza botánica do Municipio, polo que ten unha gran afluencia de visitantes.

Moi próximo ao citado parque botánico, atópase situado o Xacemento Arqueolóxico denominado “Castro de Aobre” no que se realizaron sucesivas intervencións de posta en valor nos últimos anos.

A través do parque botánico discorre un camiño que permite acceder ao xacemento arqueolóxico. Debido ás choivas, o muro de contención de terras existente no devandito camiño, cedeu, o que provocou a invasión de parte do camiño con terra e o consecuente valado da parte do camiño afectada.

É por iso que é necesario reconstruír o muro de contención danado recuperando desta forma o camiño de acceso ao Castro de Aobre a través do parque botánico Enrique Valdés Bermejo en condicións adecuadas de tránsito e seguridade para os visitantes.

FRACCIONAMENTO DO CONTRATO: No presente contrato non existe fraccionamento algún, dado que se trata da redacción dun único proxecto básico e de execución para unha única obra.

PRAZO DE EXECUCIÓN: 2 meses

CRÉDITO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA: O servizo de Recuperación do Patrimonio Histórico, Cultural e Natural ten un crédito dispoñible de 14.780,00 € (80% financiado con Fondos Europeos FEDER) na aplicación orzamentaria 336-6190017 do proxecto 2018-2-DUSI-10 da Liña de Actuación VLG_A19_PATRIHIS.

Solicitado orzamento para a redacción do proxecto básico e de execución para a recuperación do acceso a Castro de Aobre a través do Parque Botánico Enrique Valdés Bermejo, a FB2 ESTUDIO DE ENXEÑERÍA, S.L, este oferta o seguinte:

Polo Estudo Topográfico e pola Redacción do proxecto básico e de execución ascende á cantidade de 1.750,00 € (sen IVE).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o Contrato Menor de Servizos de “REDACCIÓN DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA RECUPERA O ACCESO A CASTRO DE ALOBRE A través DO PARQUE BOTÁNICO ENRIQUE VALDES BERMEJO” á mercantil FB2 Estudio de Enxeñería, S.L (N.I.F.

B70611264), por un importe total de 1.750,00 € (sen IVE) 2.117,50 € (con IVE), con cargo á aplicación orzamentaria 336-6190017 do proxecto 2018-2-DUSI-10 da Liña de Actuación VLG_A19_PATRIHIS.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2023/1325

Visto o expediente de gasto INT/2023/134 integrado pola relación de xustificantes F/2023/21 por importe de 168.120,99€.

Visto o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2023/21, por importe de 168.120,99€ co seguinte desglose:

REG.	Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2023/305	45505383	09/01/2023	1.056,47	135	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO PARA EMBARCACIONES DE RECREO / Póliza 61141584 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 31-12-2023 / MATR/FOLIO
F/2023/306	45505382	09/01/2023	181,64	912	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO DE ACCIDENTES INNOMINADOS / Póliza 51042431 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 01-01-2024 / ASEGURADOS INN
F/2023/307	45505380	09/01/2023	4.875,69	920	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO DE ACCIDENTES INNOMINADOS / Póliza 51042433 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 01-01-2024 / ASEGURADOS INN
F/2023/308	45505381	09/01/2023	245,68	2311	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO DE ACCIDENTES INNOMINADOS / Póliza 51042437 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 01-01-2024 / ASEGURADOS INN
F/2023/564	45635080	24/01/2023	78.214,43	920	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO DE RESPONSABILIDAD CIVIL GENERAL / Póliza 61020025 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 31-12-2023 / VER LA
F/2023/986	45712929	08/02/2023	45.801,40	920	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	MGS PYME / Póliza 32019673 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 01-01-2024 / ACTIVIDAD AYUNTAMIENTO
F/2023/987	45505379	08/02/2023	596,31	334	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO DE PEQUEÑA Y MEDIANA EMPRESA / Póliza 31074102 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 01-01-2024 / OBJETOS ART
F/2023/1067	45742128	16/02/2023	3.735,01	165	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
F/2023/1067	45742128	16/02/2023	5.355,36	1720	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
F/2023/1067	45742128	16/02/2023	3.361,37	132	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
F/2023/1067	45742128	16/02/2023	12.238,04	135	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01-2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA

F/2023/ 1067	45742128	16/02/20 23	489,63	311	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01- 2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
F/2023/ 1067	45742128	16/02/20 23	668,12	920	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01- 2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
F/2023/ 1067	45742128	16/02/20 23	489,63	2311	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01- 2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
F/2023/ 1067	45742128	16/02/20 23	9.145,76	1530	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01- 2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
F/2023/ 1067	45742128	16/02/20 23	1.666,45	171	224	MUTUA GENERAL DE SEGUROS, S.A.	SEGURO FLOTA DE VEHÍCULOS / Póliza 12338956 / Periodo de cobertura: del 01-01- 2023 al 31-12-2023 / MAN M 90 12 232 F MA
		TOTAL	168.120,99				

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.